

A Lingua Galega no Medio Mariñeiro

Cursiños Formación Profesorado 96

Colexio Público Bueu

O LÉXICO MARÍTIMO GALEGO

Primeira parte:

Presentación dun conxunto lexical e terminolóxico marítimo.

Delimitacións ou falsas etiquetacións a este tipo de léxico

- Onde atopalo. O que o identifica. Características propias fronte a outros conxuntos lexicais.
- Entidade e sistematización: os dicionarios marítimos.

A posible existencia dunha terminoloxía marítima.

- Linguaxe especializada e léxico especializado.
- Algúns aspectos da terminoloxía en xeral aplicables ó mundo do mar.

Implicacións doutras linguas referenciais .

- A historia da lingua: orientadora e reenchedora de “occos” lexicais.
- Algúns exemplos do castelán e do portugués.

Segunda parte:

Pragmatización dese conxunto dentro do noso contorno marítimo e fluvial.

Correlacións entre léxico e texto.

- O léxico marítimo de libros técnicos, de ensino náutico, de ocio, etc.
- Implicacións do léxico marítimo nalgunhas obras literarias.

A lingua en contextos sociais marítimos e fluviais.

- Correlacións entre O galego oral e O escrito.
- Bloques e áreas da lingua galega. O bloque occidental coas súas áreas, subáreas e microsusbáreas. O galego meridional fronte ó portugués setentrional.

A extensión da temática marítima na nosa sociedade.

- Os medios de comunicación, publicacións periódicas, etc.
- A pesca en Galicia, unha fonte de riqueza lingüística: as embarcacións, as artes de pesca, os nós, os peixes, a metereoloxía, os estados do mar, etc.

Terceira parte:

A aplicabilidade pedagóxica dun tema a medio facer.

O lugar que podería ocupar esta temática dentro do ensino da lingua e literatura galega.

- A visión etnográfica: unha ferramenta útil pero complementaria.
- Comentario de textos, de vocabularios, de refráns, . . . : outra fonte de enriquecemento lexical.

As súas potencialidades didácticas.

- Dinamización deste “material” lingüístico a través de puzzles, cadros. O seu entroncamento con outras disciplinas.
- Intencións “pedagogizables”: unha visión particular sobre a actividade marítima en xeral.

Presentación dun conxunto lexical e terminolóxico marítimo galego.

1. Delimitacións ou falsas etiquetacións a este tipo de léxico.

Intentar agrupar un conxunto léxico baixo un tema que o identifique e cohesione parece se-lo máis doado a primeira vista, aparte doutras moitas posibilidades de agrupamento. Cando nomeamos ó azar algunhas palabras como vaca, mesa, desodorante, martelo, ... somos conscientes de cada contido, independente do contexto no que aparecen (circunstancia que nunca se dá pero imaxinable neste caso), agora ben, cando oímos outras palabras como nave, embarque, abordar, ... aínda que non poidamos dicir que son incomprensibles si podemos evidenciar unha certa ambigüidade, como se “estivesen a esixir” un contexto que as definise: ¿Que imaxinamos ó oír nave? ¿Por acaso só pasan a porta de embarque as persoas que van navegar? ¿Só abordan os barcos? ¿Está máis garantida a comprensión dunhas fronte a outras? ... ¿Cales son as posibilidades explicativas que ternos ó estudiamos no ámbito marítimo palabras como cabra, rancho, andar, morto, etc.?

2. A posible existencia dunha terminoloxía marítima.

Non están, polo momento, delimitadas as fronteiras entre o que entendemos por lingua común e linguaxe especializada. Unha e outra compenétrase e englobase de tal xeito que ó final resulta difícil trazar unha demarcación estritamente lingüística entre ambas, o que non exclúe a existencia doutras demarcacións que responden a outros intereses, sexan pedagóxicos, técnicos ou etnográficos. Cando un mariñeiro nos fala dunha caseta, toldilla ou cabrestante ou unha redeira do cabeceiro, pano ou da tralla entendemo-lo que din aínda que non cheguemos a comprende-lo que comunican. Considera-lo léxico especializado como parte dunha linguaxe especializada independente da lingua común é como crer na intercomunicabilidade dun patrón de pesca local cun pescador de Namibia ou na incomunicabilidade dun enxeñeiro naval e un mariñeiro do mesmo país. Esta ausencia de fronteiras non impide que se poida tra-

ballar na creación de inventarios terminolóxicos marítimos, pero no caso do galego, onde a propia lingua común aínda está en vías de normalización, este proceso creativo pódese ver desbordado por inúmeras dificultades que moitas veces o traballo de campo non soluciona:

Se recollemos nos traballos de campo palabras como: pé de cabra, pé de amigo, pé de carneiro ¿Témo-lo dereito de considerar puntal como un castelanismo?, ¿Onde antes se empregaba puntal agora hai que substituír por pé de cabra?, se recollemos boca de rancho ¿Teremos que desterrar dos nosos manuais a vella palabra escotilla?, ¿Podemos empregar leme no canto de temón ou estaremos nun caso de lusismo? etc.

3. Implicación doutras linguas referenciais.

Se por un lado a historia da lingua nos ofrece unha biblioteca practicamente baleira sobre a temática marítima galega (recórdese algúns libros da Idade Media nos que aparece algo sobre o tema, como na Crónica Troiana ou na poesía trobadoresca, etc), por outro lado esta ausencia quizais estimule a nosa curiosidade investigadora sobre algunhas palabras actuais que “poden” ter unha evolución propia dentro da historia da lingua:

Sírvanos de exemplo algúns sinónimos da palabra embarcación como balsa, barca, canoa, piragua / barco, buque, navío etc. ¿O portugués ou o castelán orientáanos a atopármolo contexto máis axeitado? ¿Cales son de uso máis extendido? ¿Chipirón é un castelanismo (cantabricismo)? ¿Estamos nun caso de sufixo lexicalizado cando queremos indica-lo castelo de popa do barco mediante toldilla? ¿Sírvenos a referencia do portugués que emprega neste caso tombadilho? ¿Se se recolle en traballos de campo a palabra saltillo para a designación de castelo de popa que facer entón con toldilla? ¿Axúdanos saber que no portugués empregan tolda para designa-la cuberta que vai do medio do barco cara popa e convés a que vai cara proa? ¿É válido empregarmos catalexos como calco do castelán como se fai con peaxe, etc.? ¿É importante saber que calomar era un canto dos mariñeiros españois do XVI ó puxaren dun cabo?

II ● Pragmatización dese conxunto lexical.

4. Correlacións entre léxico e texto.

Estudiar listas de léxico ou o propio léxico e tamén conxuntos terminolóxicos é tarefa de gran utilidade para a lexicoloxía/grafía pero, cando o que se pretende é comenta-las palabras referidas ó mar, debemos orienta-las nosas explicacións segundo o que nos ofrezca a pragmática da lingua e considera-la aplicabilidade e relación que estas palabras poidan ter e contraer coas existentes noutras disciplinas como a Literatura, o Coñecemento do Medio, as Ciencias Naturais, a Historia, etc. Trátase polo tanto de integrar diferentes textos a través dun único eixo: o léxico marítimo compartido.

Moitos libros técnicos e náuticos están fóra do noso interese por seren temas específicos (como a Carpintería de Ribeira ou a Capacitación Mariñeira) pero ¿Non se podería extraer deles algúns aspectos de interese xeral?, ¿Non os poderíamos implicar con outros libros para deste xeito tornalos máis “dixeribles”?, ¿Por que o libro Barcos, Mariños e o Mar de Xerais nos ofrece unha lectura máis amena?

Na literatura galega o mundo do mar está presente en moitas obras, entre elas podemos comentar:

- * RíoSil de Valentín Carrera.
- * Barlovento de Arturo Romani.
- * A fiestra valdeira de Rafael Dieste.
- * Teatro Histórico e Mariñeiro de Armando Cotárelo Valledor.
- * Poesía: Contra Mar de Xesús Franco, De Catro a Catro de Manuel Antonio.
- * etc.

5. A lingua en contextos sociais marítimos.

Aínda que os profesionais das actividades náuticas e pesqueiras chegasen a empregar entre si unha propia xerga identificadora, o máis destacable ó estudiármola lingua dentro dos seus contextos sociais ou profesionais atoparíase nas variedades dos seus falares. É dentro desa variación onde o léxico marítimo aparece, convivindo coa lingua común e de uso xeral.

¿Temos asegurada unha explicación descritiva a través das variedades diatópicas (o falar segundo a situación xeográfica) ó constataremos que un mariñeiro non emprega o pronome *il*, nin os substantivos *irmao*, *pantalós*, etc?. ¿Se atopamos un rexistro máis formal ca coloquial cando un patrón de pesca titulado nos fala sobre as partes do barco ou das manobras de atraque é por que prefire a variedade diafásica (elección de rexistro ou estilo)? ¿A formación en castelán condicionaría esta opción?, ¿A variedade diastrática (o falar segundo a clase social) tería algunha implicación nesta elección?, ¿As xentes que traballan no mar fan uso dun propio tecnoleto?

Recoller dalgunhas gravacións léxico e modos de falar pódenos ser moi ilustrativo. Ex: “astilla viva”, *avivado*, *feitura*, *cote*, *amantes*, etc.

6. A extensión da temática marítima na nasa sociedade.

Os medios de comunicación: Algúns xornais galegos adéntranse no mundo do mar de xeito esporádico (dependendo dos sucesos) ou diariamente cun apartado específico destinado a “marítima”. A atención céntrase sobre todo nos temas de pesca, artellados case exclusivamente entre dous pólos, o económico e o político. As cifras das capturas ou as implicacións das medidas políticas está á orde do día, pero, dentro dos artigos xornalísticos ¿Podemos recoller algún léxico relevante? ¿Hai diferencias cualitativas e cuantitativas entre a información que provén por un lado da pesca de altura e polo outro da de baixura?.

A pesca, unha fonte de riqueza lingüística: Diante dunha embarcación pequena vénnos a mente varios sinónimos, como *bote*, *chalana*, *lancha*, *gamela*, *dorna*, etc, pero se coñecemos o seu contexto referencial ¿Non saberíamos en que momento emprega-la opción máis acertada?, ¿Ver nunha revista a foto dunha gamela axúdanos a comprender “de que vai” o artigo?, ¿Por que un mesmo nó pódese identificar mediante diferentes nomes? ¿Coñece-los ten algunha relevancia práctica? A cultura do peixe ¿Que conviría saber dos diferentes nomes empregados ó longo da costa? ¿Cales son as artes de pesca empregadas e a que peixes se destànan? Poderíamos falar brevemente da *volanta*, *trasmallo*, *beta*, *xeito*, *cerco*, *tarrafa*, *xábega*, *boli-che*, *chinchorro*, etc. ¿Por que o uso relega o tridente ós dicionarios? ¿A palabra nasa é de uso restrinxido a Galicia?



A aplicabilidade pedagóxica dun tema a medio facer.

7. A temática do mar dentro do ensino de lingua galega.

Coñece-la etnografía marítima galega énos de gran utilidade (p.ex. saber algo do folclore mariñeiro popular, dos símbolos do mar, das marcas mariñeiras nos obxectos, dos alcu- mes nas comunidades mariñeiras, etc.) pero de cara ó ensino da lingua todo este saber com- pleméntase. O que non deixa de ser relevante é poder rescatar o léxico presente nos traballos de campo e darlles a conveniente aplicabilidade pedagóxica dentro do terreo lingüístico.

Por iso, poderíamos comentar nalgúns textos, recollidos da lingua viva, aspectos lexi- cais, fonéticos; temáticos, culturais, etc.; ou contrastar diferentes vocabularios para ampliar- mos o noso “bagage” lexical; e tamén, recrea-lo ensino da lingua con refráns do noso patri- monio e intentarmos explica-lo sentido das sentencias e algunhas correlacións que poidesen gardar co castelán.

As viaxes no mar non son de contar.

A muller, o leme e os mares son tres males.

Lúa posta, vazo na costa.

A auga do mar non lle falta sal.

Cando vexas a luz de San Telmo ponte á vela mariñeiro.

¿Arredor de que motivo xiran estes refráns? ¿Poderíamos explica-las súas sentencias?
¿Atopamos elementos que se correlacionan?

8. Actividades de lingua segundo a temática. Como recrea-lo mundo do mar a través da palabra.

... se se progama unha visita a unha lonxa, a un porto, á carabela “La pinta en Baiona”etc. . . . na volta, en aula

O barco xa dobrou a punta do faro: choupan as vagas, mais o motor é forte. Pequeno Antón xa quere pescar.

-CE como irnos atopa-las sardiñas...?

-As sardiñas van dunha banda á ou tra do mar en grandes familias que nós chamamos banco ou cardume. O radar sinala agora que andamos preto dun banco... é pequeno... hai outro máis lonxe...

Parou o barco. Se cadra aquí haberá boa pesca. O bote colócase sobre o banco coas luces acesas. Lárgase a rede e o barco comenza o cerco... As sardiñas, coma encantadas, cegas pola luz, déixanse atrapar. Toda a tripulación colócase no seu lugar agardando.

-¡Xa está!

Uns mariñeiros collen con forza as redes: outros irán recoltelas e dobralas, outros colocan as sardiñas nas caixas.

Pequeno Antón quixera facelo el todo... Pequeno Antón axuda na descarga. É o primeiro barco que atraca: despois veñen máis...


¡Veñen cheas! ¡Boa pesca para os esforzados! Moitísimas caixas tic sardiñas ata reverquer que bulen e brillan ó sol. ¡Que movemento hai no porto! A xente que agarda, os vellos mariñeiros, os da lonxa, miran, preguntan...

-¡Mira! -berra un comprador.

¡Qué fermosura a do mar! Pequeno Antón está satisfeito. O porto, os barcos, a pesca... E os seus amigos, os mariñeiros que se despiden: ¡Ata máis ver, proel!

(XOHANA TORRES. Polo mar van as sardiñas)

Pola boca morre o peixe e a muller pérdese.
 Quen pesca queira pescar tense que molhar.
 Quen pesca un peixe, pescador é.
 Rede que colle todos os peixes é.
 Sata peixe ou sala ran, ó cesto van.
 Todo o que cal na rede é peixe.
 Todo o que vén á rede, é caldeiro.
 Todo o que veña á rede, é peixe.
 Uns tenden as redes e outros levan os peixes.
 Varano: levan/collen.
 Vento síroco, moito mar e peixe pouco.
 Vale máis peixe pescado que cento nadando.



Actividades.

1. ¿Cal é a aventura vivida por Antón?, ¿Descríbea?, ¿Quen é un proel?, ¿É acertada esta escolla?
2. ¿Saberías dicir cal é a arte de pesca que se emprega?
3. ¿En que auxilia o bote?, ¿Poderías describir como traballan co aparello?, ¿Onde se coloca a tripulación ó empeza-la pesca?, ¿Imaxinas como despois a pasan da rede á caixa?... ¿Esparexendo? . . .
5. ¿Cres que só se pode andar á sardiña con este aparello? ¿Por que?
5. ¿Cal é o estado do mar?, ¿Que nomes coñeces para os distintos estados?
6. Comenta os refráns en xeral e despois dinos a sentencia que garda cada un. ¿Empregas algún habitualmente?, ¿Coñeces outro/s equivalente/sou parecido/s que oíras fóra da aula?. Relaciónaos e agrúpaos arredor dun motivo que atopas interesante e logo explica a túa escolla.
7. ¿Recoñecerías-los peixes que ves?, ¿Como os pescarías “a primeira vista”? ¿Cres que cos aparellos do barco que andou Antón pódense pescar?, ¿Podes imaxina-lo colorido de cada un?, ¿Cres que andan amoita profundidade?, ¿Víchedes algún (mesmo se estaba no prato)?

8. Recolle o léxico marítimo do texto e fai unha redacción segundo o recollido. Dáalguns sinónimos de barco (¿poderías explica-la diferencia entre eles?).

Comezamos con **ventos** fones de proa. se **primeiro** do Nordeste despois do Sueste, **durando** o temporal ata a noite do día trece **ao catorce** dese mes de setembro. En expresión da **mariñeira** “non **cabiamos** no mar”, e o venlo rachou **pano** dabondo; baste **dicir** que **na** noire do día once rifaron as **velas maiores**, **unha** gabia e un foque, levando o mar un dos botes do chigre **de** popa.

Baixáronnos eses **ventos** ata o paralelo 48º, co **consequente** temor **aos** bloques de xeo. **Dispuxo** o Comandante prudentemente, **reforzar** a **vixilancia** nocturna, e. con temperaturas que non subiron dos 10º do día trece **ao trinta**, é doado imaxinar os sufrimentos da mariñeira, aínda **CO mel** da **dozura** de N. Zelandia nos **beizos**; só un forte espírito e **unha** disciplina tan sabia como liberalmente

aplicada poden levar adiante un barco que se ve entre bategadas de auga que levan os balseiros **ao** fondo dos sollados, mollando **aos** durmintes, e **á** **cociña**, sazouando ben de sal o rancho...

Despois dunha **pequena** calma **virou** de **novo** o tempo a peor con **vento** **racheado** de popa dende o día **vintecinco**, **obrigándonos** a correr **dian**te del con **pouco** **pano**. Foi esa noite **cando** se produciu o **máis** grave percañce, o **máis** desgraciado suceso que **pode** suceder **nun** barco:

Foi o caso que **iamos** **correndo** co vento entre través e banda, **só** coas gabias baixas, o trinquete e un foque, fuxindo das ondas que, por popa, **amezaban** abardarnos, e **só** a grande habiidade dos temoneiros tal **cousa** impedía. **As** tres horas ben pasadas **asomou** a lúa por barlovento e baixou **algo** o vento, serían as nove: ordenouse largar o velacho alto, e oito dos **mellores** e **máis** experimentados cabos do mar **gabearon** polo mastro arriba para dar amuras e escotas e gamir ben **nas** vergas do trinquete. mentres **outros** tantos agardaban para largar o perico de mesana **unha** vez acabasen a **manobra** os seus **compañeiros**. Foi **cando** se produciu o percañce monal.”

(*Curras dun mariño*, por S.G., 1896)

Como me correspondía **eu** estaba dispoñendo co **chifre** a **manobra** de mesana e por **iso** non o **vin** caer, e **eu** conto tal como mo contaron:

Xustamente tomaba vento a vela **cando** un dos cabos de mar, o Esteban Letamendía Zabala, perdeu o equilibrio e **caeu**, **caeu** dende moitos metros, **cando**, **como** un dos bos que era, **ceibaba** no alto os tomadores que tiña **na** man e **mantíña**, ata ese **intre**, os seus **pés** núos ben afirmados **na** relinga baixa; **esvaráronlle** as **mans** e perdeu **pé** e **esnafrouse** **na** cuberta, por barlovento e **dian**te xusto do Oficial, que segundo mirou o pingallo sanguíneo no que se **lle** **convertera** aquel home, chamou a berros polo Comandante, e este **polo** médico e polo **crego**; o Oficial

Actividades:

1. Fai un resumo do acontecido no texto.
2. En cantas partes o dividirías e por que.
3. ¿Poderías atopar-lo barco que está no texto entre os cinco que ves a continuación? Busca pistas agachadas no texto.
4. Describe as características de cada barco, intenta periodizalos e procura atopar aspectos diferenciadores entre eles.

5. Recolle o léxico marítimo do texto. Procura explicar polo contexto as que non coñezas (orientate polo sentido).

6. Separa ese léxico por campos: o vento, o mar, partes do barco e tripulación.

8. Recolle a linguaxe coloquial que atopes dentro deste texto literario. Comenta o fragmento que vai da liña 68 ata a 80 (de quen é a voz; comenta as seguintes palabras: carneiros, mariñeiros, oficial, trinquete, maior, mesana, lanteón. Constrúe un pequeno relato con estas palabras. Escribe outras palabras da mesma raíz: mariñeiros e trinquete.

aínda foi quen de ordenar que **seguise** a **manobra**, como **tiña** que ser.

Ía **frío** esa madrugada e **foi** **correndo** a nova segundo **í**a entrando a xente de **garda**; **quen** con perfecta indiferencia, **quen** chorando, **quen**, coma **min**, botando xa **a** faltar **non** **ao** cabo de mar **Letamendía** Zabala **senón** **ao** amigo, **ao** **home** **co** que tiña andado e corrido moito, **cando** cantando **habaneras**, **cando** o seu **Mariñela** de Santurce, **cando** **axustando** **voces** para **lle** dar o seu aquel a todo canto se me **ven** e non **é** de contar...

Sería o Esteban **contramestre** de **terceira**, coma **min**, en **pouco** **tempo**, se el quixese, que non quería o **meu** amigo seguir **na** tropa, preferindo, **ao** regresar, empatar **outra** **vez** **no** **baleeiro**, e de poder ser no mesmo **no** que marinaba o **seu** pai, o del, coma o **meu**, homes de mar. E agora **está** **morto**, cago en **diola**, cago en ningún deus, cago **na** mar salada, que **está** morto o **meu** amigo... E **haberá** **quen** diga que **iso** son **cousas** do oficio, pero a **morte** **é** a **morte**, sempre, **caía** **quen** **caía**, mesmo **o** inimigo.

Oficial **calquera** **o** **é**, pilotos son os **carneiros**, **quen** **fai** o traballo todo son os pobres **mariñeiros**; **iso** **dicía** o **meu** pai en vida. E digo **eu** que, de oficial. **quen** din que val, do **seu** segundo, o que si que val. do **seu** **terceiro**, o que xa sabe da mar toda, e menos mal. E **aínda** **así** morreu o Esteban Letamendía, de Santurce, baleeiro, boa **xente**, gran **cantador**, bon amigo, me cago nos vinteseite, **bo** amigo de **nós**, **bo** mariñeiro, **compañeiro**.

Hixinio no trinquete, Valdés no maior, **eu** no mesana, **cos** de **cadansúa** **garda** ben ensaiados. **todos**, mesmo OS aprendices, e por **iso** o mellor tiramollaba do **lanteón**, o Esteban, o **meu** amigo, o que **caeu**.

¿Que imos facer agora que **é** mono? ¿Que imos facer agora que **morreu** por mor dunha **manobra** mal **artellada**?

Pensas, e sei que non **eu** só, en botar **ao** mar **ao** Oficial que tal **cousa** **mandou**, **ao** Comandante ambicioso que **quere** **gañar** millas, a **tódolos** fillos de puta que **ordenaron** a **xogada** **na** que **perdeu** a vida o **Letamendía**, pero nada **fixemos**, **acovardados** polo escalafón. **E** o **mamón**

que **ordenou** todo **é** o tal. o cabronazo que **armou** a que **armou** dende a regata do **Carne** de Marín, señorito de merda, **castrón**.

Hai algún que, polo baixo **na** **camareta**, di que o **Villaamil** **é** o responsable verdadeiro do falecemento do Esteban, por ser Comandante; **hai** **quen** di que **a** **culpabilidade** **vai** **ao** Felipe de Bustelo, por ser o **Primeiro** **Contramestre**; **hai** **quen** esbardalla que **se** o **Hixinio**, **por** ser o **xefe** **da** **manobra**. Eu digo que **foi** o putito mar e **ninguén** **máis**, e a ese mar **debémonos** polo **noso** oficio, e a ese mesmo **océano** entregamos o **corpo** do **Letamendía**.

Correspondíalles **aos** demais cabos o dubidoso honor de conducir o **morto** ata **a** banda, pero **eu** reclamei, como **amigo**, o mesmo dereito, e deume o **Segundo** o de **amarriar** **ao** **morto** os **pés** cabe un ferro, envolvelo **nun** **retallo** de lona e **chifrar** o “RRrrrr...” de **arriar** o **corpo** do Esteban pola popa. Afundiuse rápido, e **unha** **gaivota** **chimpou** atrás, cun **chío** que serviu de **campá**. E despois **veu** o desagradable feito de inventariar as **súas** **cousas** e **matinar** na carta que **eu** debía escribir **á** **amachu** Edurne Zabala, de Santurce.

Só, **ben** **pensado**, **teño** o consolo de que non dese no **mar**, pois sabía nadar. **e** coa caída quedaría **aparvado**. **pero** **alancaría** atrás **nosa** e **afogarí**a seguro, impedido pola roupa de augas, e **nós** tendo que **fac**er **unha** **virada** completa por **recolle**lo **na** noite, sen velo e **berrando**, para non **o** atopar.

Descanse en **paz**, pero hai malestar entre a xente de proa.

